



Sotavento innova en Europa ao gardar enerxía eólica mediante hidróxeno

► O vicepresidente de Xunta, Anxo Quintana, inaugura o venres esa nova planta

► Neste proxecto tecnolóxico participan tamén Gas Natural e a Xunta de Galicia

O parque posúe 24 aerogeneradores de tódalas tecnoloxías

O parque eólico experimental de Sotavento posúe 24 aerogeneradores que son un escaparate de todas as tecnoloxías empregadas actualmente en Galicia.

Produce enerxía suficiente para abastecer a 2.000 familias ao ano, aforra 68.000 barriles de petróleo e evita o vertido de 36.000 toneladas ao ano de dióxido de carbono. É un centro ideal para acometer actuacións relacionadas coa investigación e o desenvolvemento.

FROILÁN VARELA
fvarela@progreso.es

XERMADE. A Fundación Sotavento Galicia, Gas Natural e a Xunta de Galicia puxeron en marcha no parque eólico experimental de Xermade a primeira planta de Europa de almacenamento de enerxía a través de hidróxeno. As instalacións serán inauguradas o próximo día 8 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, entre outras autoridades.

O proxecto contrarresta a variabilidade do recurso enerxético procedente de aerogeneradores eólicos, de forma que pode almacenarse cando a produción excede a demanda da rede e, ao tempo, permite recuperar megavatios cando os muíños teñen

un rendemento menor ao esixido polas eléctricas.

A planta de Sotavento e Gas Natural dispón dun electrolizador que recibe a enerxía sobrante do parque eólico e unha parte de auga para producir a reacción. A máquina descompón as moléculas de auga en hidróxeno gaseoso e osíxeno que vai para a atmosfera.

O hidróxeno pasa a un compresor que facilita a almacenaxe posterior en sete bloques de 28 botellas de aceiro cada un, cunha capacidade máxima total de 2.000 litros.

Ese gas procedente de enerxía pode ser recuperado en caso de déficit eléctrico. Para levar a cabo esa función, instalouse un grupo motor-xerador. A combustión no motor do hidróxeno move un xerador que produce electricidade.

O proxecto de Sotavento busca alternativas á diminución de combustibles fósiles e aos problemas ambientais producidos polas súas combustións. O hidróxeno é un dos elementos que ten maiores vantaxes ambientais, pois ao

queimarse non produce emisións contaminantes. Sen embargo, é un gas que non existe puro na natureza ou non é accesible, pois sempre forma parte doutras substancias ou moléculas máis complexas como a auga, o carbono, o gas natural ou o petróleo.

CASA BIOCLIMÁTICA. A Fundación Sotavento tamén desenvolve en Xermade un proxecto para crear unha casa bioclimática como centro de divulgación.

Será unha vivenda de 240 metros cadrados. A súa fachada principal estará orientada cara o sur para que aproveite a luz do sol o maior número de horas posibles.

A cara norte do inmoble terá menor altura para resgardalo do frío e do vento, aínda que o seu sistema de ventilación illa permitirá refrixeralo no verán sen aire acondicionado.

Xunto a vivenda haberá un estanque de auga orientado ao sur, de forma que faga de espello en inverno e proxecte luz do sol cara ao interior.

Feira do Monte terá unha nova depuradora con 746.797 euros de presuposto

Cospeito

DELEGACIÓN

COSPEITO. A Consellería Medio Ambiente financia unha nova depuradora para a Feira do Monte, cun presuposto de 746.797 euros.

A EDAR construírase nas proximidades do río Tágar para abastecer a Lagoa depuradora dispoñible de dous tanques de tormentas. Esta mencionada para dar servizo a unha poboación cuns vertidos de 250 litros por habitante e día.

A súa capacidade está orientada para unha poboación de 1.500 habitantes, cun caudal total de 375 metros cúbicos diarios. A actual depuradora situada xunto a Lagoa, ter deficiente funcionamento debido a verquidas.

Unha exposición amosa con foto historia da mina de Endesa ó lonxe de 70 anos

As Pontes

DELEGACIÓN

AS PONTES. A sala de exposicións do mercado vello acende hoxe unha mostraxe do xacemento mineiro de Endesa como tema central. Está organizada nos actos da XII Feira do Grelo das Pontes.

Baixo o título 'A explotación da mina das Pontes: máquinas e imaxes', os que se acorran no local de exposición, ubicado na avenida de Federico, poderán disfrutar de fotografías e reproducións de diferentes maquinaria resume os 70 anos de traxectoria deste xacemento mineiro aberto.

O material fotográfico cedido polo propio arquivo da mina de Endesa.